

O MAIO

MAIO, MAIO ENTRA DE CREGO
NON REVOLVA-LO TEMPO,
POR XURA-LO MAIO, MAIO
NA CRUZ DA MARIÑA.

DIÑEIROS IMOS PEDIR
DESDE ABRIL,
CASTAÑAS IMOS BUSCAR
DESDE NADAL.

BÓTENNO-LO MAIO
SEÑORES CABALLEROS,
SI NON TEÑEN MAIO
BÓTENNOS DIÑEIROS.

ANXELIÑOS SOMOS
E DO CEO VIMOS,
PETO TRAEMOS,
DIÑEIRO PEDIMOS.

EHÍ VEN O MAIO
POLA CALLE DE ABAIXO,
EHÍ VEN O MAIO
DE ROUBA-LO TIRABAIXO.

EHÍ VEN O MAIO
POLA PESCADERÍA,
EHÍ VEN O MAIO
COMENDO PAN E SARDIÑA.

EHÍ VEN O MAIO
POLA CALLE DO SOL,
EHÍ VEN O MAIO
DE ROUBA-LO VALEDOR.

ENTRE MAIO E ABRIL
SAE O CUÇO DO CUBIL,
ENTRE MAIO E XANEIRO
SAE O CUÇO DO PALLEIRO(FALADO).

A SARDIÑA PODRE,
O PAN VALORENTO
BÓTENNO-LO MAIO,
NON SEXA FAMENTO.

BOTEN MAIOLAS, SEÑOR CAPITÁN,
BOTEN MAIOLAS NA HUCHA DO PAN,
BOTEN, BOTEN MAIOLIÑAS,
BOTEN, BOTEN NAS HUCHIÑAS(FALADO).

ÉRGUETE MAIO
QUE MOITO DURMICHES
QUE PASOU O CUÇO
E TI NON O VICHES.

ÉRGUETE MAIO
QUE TANTO DURMICHES,
QUE PASOU O INVERNO
E TI NON O VICHES.

